

RESOLUCIÓN REITORAL DE 24 DE XANEIRO DE 2006 POLA
QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN COLABORACIÓN CON
CAIXANOVA, FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE
VIAXE DA CÁTEDRA CAIXANOVA DE ESTUDOS FEMINISTAS

A Universidade de Vigo fai pública unha convocatoria de axudas á investigación que terán como obxectivo contribuir á formación do alumnado de terceiro ciclo en materia de teoría (s) e metodoloxía (s) feministas.

OBXECTIVOS:

A subvención aplicarase a financiar parcialmente desprazamentos para a presentación de comunicacións en congresos ou reunións científicas que se celebren no ano 2006 fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

SOLICITANTES:

Alumnos/as de 3º ciclo (predoutorais ou realizando os cursos de doutoramento) da Universidade de Vigo.

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

- Solicitud de axuda no impreso normalizado BV-06.
- Declaración xurada de non ter recibido axuda doutra institución para a mesma finalidade.
- Documento acreditativo da organización do congreso científico.
- Copia da comunicación ou resumo da mesma enviada ao congreso.
- Documento acreditativo (resgardo de matrícula de terceiro ciclo ou proxecto de tese aprobado en Consello de Departamento).
- Informe do/a director/a da tese ou do/a titor/a xustificando o interese do desprazamento/estadía.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Esta convocatoria permanecerá aberta ata as 14 horas do 24 de febreiro de 2006.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes poden presentarse no Rexistro Xeral da Universidade (Reitoría, Campus Universitario de Vigo) ou nos rexistros auxiliares de Vigo (Reitoría, Rúa Areal 46), do Campus Universitario de Ourense (Edificio Administrativo) e do Campus Universitario de Pontevedra (Facultade de CC. Sociais e da Comunicación).

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas.

Efectuada a valoración, a Comisión elevará, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, unha proposta definitiva de resolución.

O non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de desestimación da solicitude.

NATUREZA E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS:

O importe da axuda establecerá a Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas e está suxeita á retención do IRPF correspondente.

Para establecer a contía teranse en conta como referencia os criterios e importes aprobados na Convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2006.

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas, para a mesma finalidade, comprometéndose en tal caso o solicitante a facer efectivo o reembolso da axuda concedida por esta Universidade.

PAGAMENTO

O importe das bolsas farase efectivo unha vez que o/a solicitante remita á Vicerreitoría de Relacións Institucionais, dentro do mes seguinte ao do seu retorno copia do certificado de asistencia ao Congreso, coloquio ou seminario, onde se acredite a presentación dunha comunicación.

O non cumprimento desta condición suporá a renuncia á bolsa de viaxe.

INCIDENCIAS:

O Vicerreitor de Relacións Institucionais logo da proposta da Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, resolverá tódalas consultas, dúbidas ou incidencias que xurdan na aplicación da presente convocatoria.

Os/as beneficiarios/as deben mencionar nas publicacións científicas que se deriven da estadía a axuda recibida pola Cátedra Caixanova de Estudos Feministas.

**O Vicerreitor de Relación Institucionais
Por Delegación (R.R. 15.05.03)**

Fco. Xavier Martínez Cobas

DILIXENCIA para facer constar que esta
Resolución publícase con esta data nos
Rexistros desta Universidade.
Vigo, 24 de xaneiro de 2006
A secretaria do Vicerreitor de
Relacións Institucionais

María José Ríos Santomé